

SME/acfl

Exp. 30/18

Asunto: *Requerimento de talla de árbores na estrada provincial E.P. 0012 Campolongo – Juan XXIII – Figueirido (Pontevedra)*

A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a lexislación local vixente, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Vista a documentación que obra no Servizo de Mobilidade en relación ao perigo existente na estrada provincial E.P. 0012 Campolongo – Juan XXIII – Figueirido e,

Resultando que no presente suposto están acreditados os seguintes **ANTECEDENTES DE FEITO:**

Primeiro: O pasado día 12 de febreiro de 2018 o vixiante da zona realizou unha visita de inspección na estrada provincial E.P. 0012 Campolongo – Juan XXIII – Figueirido e comprobou que hai unha serie de parcelas nas que se atopan unhas árbores que presentan unha situación moi perigosa para a seguridade viaria polos seguintes motivos:

- As ramas das árbores sobrevoan a estrada provincial.
- Existen unha serie de árbores que ameazan desplome sobre o dominio público.
- As raíces das árbores están rachando a plataforma da estrada provincial.

Segundo: Unha vez realizada unha comprobación coa Dirección Xeral do Catastro, estableceuse a seguinte relación de parcelas e propietarios afectados:

Polígono	Parcela	Propietario
15	552	Jose Torres Salgueiro
15	562	Herdeiros de Nicolás Sobral Filgueira
15	560	Enrique Barcala Filgueira
15	558	Marina Pazos García
15	556	Carmen Pazos Regueira
15	540	Herdeiros de Eulogio Sobral Lamoso
15	539	Herdeiros de Peregrina Torres Blanco
15	537	Alfonso Garrido López
15	536	Elisa Rodríguez Filgueira
15	535	Jesús Acuña Ruzo
15	533	Herdeiros de José Antonio Freire Blanco
15	532	Susana Dominguez Sobral

Considerando que ao presente expediente lle son de aplicación os seguintes FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro. De acordo coa Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o patrimonio das Entidades Locais (a Deputación entre elas) está constituído polo conxunto de bens, dereitos e accións que lles pertencen; á súa vez os devanditos bens clasifícanse en bens de dominio público e bens patrimoniais, podendo ser os primeiros de uso ou servizo público. Dentro dos bens de uso público local encontraríanse as distintas estradas que conforman a rede viaria provincial, en canto a obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e xestión é competencia da Deputación Provincial de Pontevedra.

Segundo: O artigo 38.5 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, establece para a zona de protección das estradas a esixencia de que o titular desta vixíe e provea ao seu mantemento e conservación para evitar riscos que poidan levar consigo danos ás persoas e bens, debendo prestar especial atención a calquera elemento alleo á circulación que poida xerar eses danos. No presente expediente existe un perigo evidente na zona de influencia da E.P. 0012 Campolongo – Juan XXIII – Figueirido, xerando un grave risco para a seguridade viaria polo que a urxencia en corrixir as deficiencias descritas anteriormente está máis que xustificada.

Terceiro: De acordo co disposto no artigo 58.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia “*a Administración titular da estrada procederá, sen trámites e con cargo á persoa causante, á execución das medidas necesarias para a reparación de danos producidos no dominio público viario e a restitución da realidade física alterada nel, cando supoñan un grave risco para a seguridade viaria*”.

Cuarto: Tendo en conta o disposto no artigo 122.1 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, “*As plantacións de árbores só se autorizarán fóra da zona de dominio público, sempre que se sitúen a unha distancia da liña exterior da zona de dominio público, medida horizontal e ortogonalmente desde ela, superior a catro metros (4 m) cando se empreguen as especies frondosas a que fai referencia a lexislación de montes de Galicia, e a dez metros (10 m) no resto das especies*”.

Vistos os antecedentes de feito mencionados, os fundamentos xurídicos expostos, as disposicións citadas e as demais normas de xeral e pertinente aplicación.

RESOLVO

Que os propietarios afectados que aparecen na relación que figura na parte expositiva desta Resolución Presidencial procedan, nun prazo **non superior a 20 días naturais**, ao corte das árbores que se atopan en situación de perigo. Advírtese de que de non atender este requirimento, procederase de acordo co artigo 58.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, á execución das medidas necesarias para a realización dos devanditos traballos a costa do obrigado.

En calquera caso, os propietarios afectados serán responsables de indemnizar calquera dano ou prexuízo que se provoque ou provocase a propios e/ou terceiros a consecuencia do actual estado das árbores.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interponer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación (artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas), ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente resolución (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa). Todo iso sen prexuízo da posibilidade de utilizar calquera outro recurso que considere procedente.

O que lle comunico para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

Pontevedra, 21 de febreiro de 2018,

O SECRETARIO,

Por delegación e Xefatura dos Servizos Administrativos,
Segundo R.P. nº 2016001033 / data 25-01-2016

